

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e dez minutos do día vinte e catro de febreiro do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados, D^a Gloria Fornos Bastida e D. José Juan Roca Lorenzo.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 18.02.2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día dezoito de febreiro do ano dous mil dez.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. RAMÓN BOADO PAZOS (EXPTE. 2010/006/000006) segundo solicitude de data 19 de xaneiro de 2010, para limpeza de maleza e soleira de formigón no interior da finca, en Avda. de Galicia núm. 76, referencia catastral: 0424031NJ6102S.

A actuación será nunha superficie de 150 m² aproximadamente.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. MANUEL VILARIÑO LORENZO en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R/ CONTRAMAESTRE CASADO NÚM. 28 (EXPTE. 2010/006/000008) segundo solicitude de data 29 de xaneiro de 2010, para reparación e

acondicionamento de patio interior, en R/ Contramaestre Casado núm. 28, referencia catastral: 0626004NJ102N.

O edificio onde se vai realizar a obra está situado nunha parcela cualificada como Solo Urbano Denso (SU-D) polo PXOM.

Segundo o orzamento que achegan, as obras consisten na impermeabilización de dúas terrazas en patios de luces (aproximadamente 25 m²), colocación de plaqueta e pintado de muro.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- Dna. SANDRA PLANA FERNÁNDEZ (EXPTE. 205/2009) segundo solicitude de data 11 de decembro de 2009, para peche de finca, en R/ Cristo núm. 43, referencia catastral: 0020912NJ6102S.

O peche terá 34 metros de lonxitude, de bloque e reixa e altura total de 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (Segundo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

O peche separará 6 metros do eixo do camiño situado ao SUR, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. MARÍA ISABEL SÁNCHEZ PRADOS (EXPTE. 207/2009) segundo solicitude de data 14 de decembro de 2009, para peche de finca fronte a camiño público, en Cancelo s/n, referencia catastral: 15052A016000090000MM.

O peche terá 77,30 metros de lonxitude, e será de bloque de formigón e reixa. Terá unha altura máxima de 1,50 metros, sendo 1 metro cego (máximo) e 0,50 metros de celosía (máximo). Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007.

O peche está situado en Solo Rústico, polo tanto, deberá de axustarse ás determinacións da LOUGA 9/2002. É un uso permitido de acordo ao artigo 33.2.i), debendo de cumprir as especificacións do artigo 42.1.c).

Os peches e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica sobrepasen a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural en que se emplacen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin os remates agudos.

Separará 4 metros do eixo do camiño situado ao Norte e 4 metros do eixo do camiño situado ao Leste.

Non poderá comezar as obras ata que non se efectúe a correspondente acta de replanteo, que deberá de solicitar en este Concello.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) OBRAS MAIORES

- **D. SALVADOR CASTRO GARCÍA (EXPTE. 119/2009) segundo solicitude de data 3 de agosto de 2009**, para modificado de expediente de licenza de obras 67B/2008, para construción de vivenda unifamiliar illada, en R/ Pedreira s/n, referencia catastral: 1421001NJ6112S, segundo proxecto modificado de básico e execución visado polo C.O.A.G. en data 13.07.2009, redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz.

A parcela onde está situada ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade, polo PXOM.

A finalidade da licenza é a construción dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	1.065,45 m ²	400 m ²
b) Fachada mínima	36,15 m.	6 m.
c) Aliñacións	cumpre.	Plano.
d) Lindeiros	3 m.	2 m.
e) Ocupación parcela	16,94 %	50 %
f) Altura	2,90 m.	7,00 m.
g) Edificabilidade	0,16 m ² /m ²	1 m ² /m ²
h) Cuberta	cumpre	art. 84

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 97.850,00 € dos cales 82.944,36 pertencen á licenza do expediente 67B/2008; polo tanto, resulta un aumento do orzamento da execución material das obras en 14.905,64 €

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Xulia Cortizas Díaz, e o arquitecto técnico director á D. Manuel Antón Villamil.

A urbanización está executada.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos.

Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten ás devanditas obras. A non observancia destes extremos, considerarase falta grave.

3.- CONCESIÓN SUBVENCIÓN ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL. ARI

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe do arquitecto da oficina municipal de rehabilitación de data 03.02.2010, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar aprobación inicial á seguinte subvención ao abeiro do programa de axudas á rehabilitación dos edificios e vivendas da área de rehabilitación integral:

- **Dna. JOSEFINA TOIMIL RABINA (EXPTE. 006-A-3º-2009) segundo solicitude de data 9 de decembro de 2009**, propietaria da vivenda sita en R/ Real núm. 3, 3º, pola cuantía estimada e suxeita a posterior aprobación definitiva da Xunta de Galicia, de 5.621,87 €, para rehabilitación de edificio sen baleirado interior, actuacións en elementos comúns e mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental, e actuacións para a adecuación das condicións de habitabilidade, segundo o seguinte desglose:

CONCEPTO	CANTIDADE
Subvención Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	2.810,94 €
Subvención Ministerio de Vivenda	2.810,94 €
TOTAL	5.621,87 €

2.- Concederlle a bonificación do 90 % da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en concepto de bonificación segundo o establecido no Art. 15 da Ordenanza Reguladora das Axudas á Rehabilitación de edificios, vivendas e urbanización no ámbito das área de Rehabilitación do Concello de Mugaros.

4.- LICENZAS DE 1ª OCUPACIÓN.

A) Tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal de data 11.02.2010, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte licenza:

- **Dna. BEATRIZ ESCRIBANO MONTES (N.R.E. 6.631/14.12.2009)**, para licenza de 1ª ocupación da vivenda unifamiliar correspondente ao expediente de licenza de obras 232/2008, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 19 de febreiro de 2009 e concedido o permiso de inicio de obras pola Xunta de Goberno Local en data 5 de marzo de 2009, para construción de vivenda unifamiliar sita en San Victorio, referencia catastral: 2711606NJ6121S, por axustarse ao proxecto técnico que lle serviu de base, proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 03.12.2008 e proxecto de execución visado polo C.O.A.G. en data 04.02.2009, redactados pola arquitecta Dna. María Julia Cortizas Díaz.

B) Tendo en conta o informe favorable da arquitecta municipal de data 11.02.2010, visto o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, e tendo en conta asimesmo a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria en data 19.02.2010, obrante no expediente, unha vez presentado o certificado do enxeñeiro de telecomunicacións debidamente

visado polo colexio profesional (N.R.E. 845/19.02.2010), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a seguinte licenza:

- **D. ALEJANDRO MARIÑO GRAÑA en representación de ASESORES Y GESTORES INMOBILIARIOS SILMACOR S.L. (N.R.E. 6.532/04.12.2009)**, para licenza de 1ª ocupación do edificio de vivendas e garaxes correspondente ao expediente de licenza de obras 20/2007, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de maio de 2007 e permiso de inicio de obras outorgado en data 31.08.2007, para construción de edificio sito en R/ Rosalía de Castro - R/ Peteiro, referencia catastral: 9824403NJ5192S, por axustarse aos proxectos técnicos que lle serviron de base, -proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 11.01.2007 e proxecto modificado de básico e de execución visado polo C.O.A.G. en data 02.07.2007, redactados polo arquitecto D. Manuel Porto Vila-, coas seguintes consideracións que se indican no informe da arquitecta municipal arriba indicado, previa visita á edificación:

- A documentación final de obra non recolle a pendente realmente executada no treito urbanizado da rúa Rosalía de Castro, que é do 9%, en vez do 12% indicado no proxecto. Mediante un nivel de auga e con persoal municipal, comprobouse que esta pendente permite enlazar correctamente co treito de rúa existente.
- A documentación final de obra recolle cambios nas saídas do garaxe e incorpora ventás no baixo cuberta. Substituíron a vivenda B (planta baixa portal 1) por trasteiros, quedando un total de 25 vivendas.
- A instalación eléctrica prevista para o edificio contemplaba unha acometida á rede xeral de baixa tensión (plano I.02 do proxecto) á vez que existe un local para acoller un centro de transformación; o CT é a solución adoptada finalmente pero aínda non está colocado.

A instalación do centro de transformación está autorizada pola Consellería de Economía e Industria, como consta na resolución de 28 de decembro de 2009. A separata do proxecto de Unión FENOSA forma parte do expediente 2010/008/000003 co que solicitan licenza municipal para esta instalación e para a liña de MT correspondente.

- A urbanización está executada dacordo ás memorias de urbanización que forman parte da licenza.

Existen pequenas deficiencias na urbanización (unha baldosa está rota, unhas asas metálicas sobresaen do pavimento, e o céspede non está aínda prantado) que en todo caso son de escasa entidade e considérase que non deben condicionar a obtención da licenza de primeira ocupación, pero si a retención do aval ata a súa completa subsanación.

5.- FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL 2010: OBRA A CONTRATAR POLA MODALIDADE DE CONTRATO MENOR.

Vista a resolución de data 08.02.2010, emitida polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial (M.A.P.), obrante no expediente da súa razón, de autorización das obras que deseguido se relacionan:

- PROYECTO PARA LA REPARACIÓN DE LA ESCUELA INFANTIL DE O SEIXO, MUGARDOS.

E tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipal, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxectos das obras que figuran deseguido:

Denominación do proxecto	Redactor do proxecto	Data	Orzamento de execución por contrata (IVE incluído)
RECUPERACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE O SEIXO, MUGARDOS (A CORUÑA)	JAVIER VIZCAINO MONTI	Febreiro, 2010	46.371,00 €

2º.- Contratar as obras antes relacionadas pola modalidade de contrato menor por estar o presupuesto dentro do límite establecido polo artigo 122 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

3º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.320.0.63200 do orzamento para o ano 2010, prorrogado do 2009.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e dezaioito minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE